



PROTOCOLO DE USO DO SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA

Centro educativo: IES de Vilalonga - 36019256

1. Obxecto

O presente protocolo ten por obxecto regular o uso do sistema de videovixilancia do centro educativo, garantindo a seguridade das persoas, das instalacións e a convivencia escolar, conforme á normativa vixente en materia de protección de datos persoais:

- *Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE – Regulamento xeral de protección de datos (en diante, RXPD).*
- *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD).*

2. Xustificación

Seguindo as pautas de actuación indicadas no *Protocolo de Protección de Datos Persoais, publicado por Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en setembro de 2022*, a instalación de cámaras de videovixilancia debe responder a unha finalidade concreta e os datos que se recollan deben ser proporcionados a ela. Así, a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) admite o uso de cámaras de videovixilancia para garantir a seguridade de persoas e instalacións nos centros educativos, entendendo que sería unha medida proporcionada cando:

- Se trate dunha medida susceptible de conseguir o obxectivo proposto.
- Non exista outra medida máis moderada susceptible de conseguilo con igual eficacia.
- A medida sexa ponderada ou equilibrada, por derivarse dela máis beneficios ou vantaxes que prexuízos.

En consecuencia, especifícase o seguinte obxectivo e características:

- **Obxectivo:** dispor dunha ferramenta que permita garantir a seguridade das persoas e das instalacións, así como facilitar, no seu caso, a comprobación de



feitos relacionados con condutas contrarias á convivencia clasificadas como graves ou leves de grao 2 nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC).

- **Características:**

- A) Ámbito de aplicación: O sistema de videovixilancia instalarse exclusivamente en:
 - Pasillos interiores.
 - Zonas exteriores do centro.
- B) Tipo de sistema:
 - Sistema de circuito pechado totalmente local, sen emisión de imaxes por internet.
 - Visualización mediante pantalla situada no despacho de secretaría, dentro dun armario provisto de dobre pechadura (2 chaves diferentes).
 - Gravación continua das imaxes, con borrado automático ós 7 días naturais. As imaxes relativas a investigacións activas sobre condutas contrarias á convivencia ou incidentes de seguridade, poderán gardarse ata o fin do procedemento de corrección da conduta.
- C) Acceso ás imaxes: O acceso ás imaxes só se permitirá en casos debidamente xustificados e a persoal autorizado.
 - Casos:
 - Investigación de condutas contrarias á convivencia (graves e leves de grao 2).
 - Incidentes de seguridade.
 - Persoal:
 - Xefatura de Estudos (investigación de condutas contrarias á convivencia)
 - Dirección (investigación de condutas contrarias á convivencia)



- Profesorado instructor de procedementos correctores ou protocolos de acoso (investigación de condutas contrarias á convivencia).
- Docente custodio dunha das chaves do armario de visualización (comprobación de que a visualización das imaxes concorda co motivo de acceso solicitado)
- D) Cesión de imaxes: As imaxes poderán ser cedidas unicamente a forzas e corpos de seguridade e órganos xudiciais cando sexa necesario.
- E) Procedemento de acceso:
 - O sistema de acceso ó armario será con dobre chave (pechaduras diferentes):
 - amaras_O equipo directivo disporá dunha chave de acceso
 - Un docente designado polo claustro posuirá a segunda chave
 - O equipo directivo solicitará e xustificará a necesidade de acceso ás imaxes (posible conduta contraria á convivencia)
 - Se o docente custodio considera xustificado o seu acceso, consultarase as imaxes.
 - En caso contrario, o docente custodio motivará por escrito a decisión de non permitir o acceso.
- F) Rexistro dos accesos:
 - Cada acceso ou solicitude de acceso ás imaxes deberá quedar rexistrado seguindo a plantilla do anexo I (Data, quen solicita, motivo, acceso concedido ou non, motivo do non acceso, sinatura do persoal que visualiza as imaxes, realización de copia ou non)
 - Este rexistro:
 - Será custodiado pola dirección do centro.
 - Poderá ser consultado polos membros da comunidade escolar mediante solicitude formal nos termos da normativa de protección de datos. Non poderá difundirse nin realizárselle copia.



- G) Información á comunidade educativa
 - Informarase á comunidade educativa da existencia do sistema.
 - Colocaranse carteis visibles nas zonas vixiadas.
- H) Aprobación e revisión: O presente protocolo deberá ser aprobado polo Consello Escolar, podendo ser revisado cando se considere necesario.

[illegible]